



O cura de Baio é sastre
o de Vigho é sardiñeiro
o d' Orense afiladore
o de Noia sapateiro.

Se vas ó Peinador
mira que vas faser
cortalo pelo á moda
a pasar sin comer.

O lughariño de Añobre
de lonx' parece unha vila
unha rosa na entrada
un caravel na saída.

E veñen, e veñen,
e veñen, e van,
veñen de noite
marchan pola mañán.

1926

Toc'o pandeiro Tamasa
Manüel dos Rechinolés
tocã nã súa rapaza.

1008c

Päsein pola túa portã
botastem'a silbabeira
si ma volves a botare
ard'o eix'ai carballeira.

251

Neste lughar hai un ghuapo
que me quer peiná-lo pelo
non che teño medo ghuapo
ghuapo non che teño medo.

Se vas ó Peinador
mira que vas facer
cortalo pelo á moda
a pasar sin comer.

1024d

Pasein pola túa porta
pedínch'aughá non mä deches
cando pases polã miñã
farein como me fixeches.



E veñen, e veñen,
e veñen, e van,
veñen de noite
van pola mañán.